



## O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO ACOLLE A EXPOSICIÓN DE PINTURA DE ADICAM

- *Trátase dunha selección de 20 obras da Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de mama e xinecolóxico que exaltan a imaxe da muller*

**Vigo, 18 de setembro de 2023.** O Hospital Álvaro Cunqueiro inaugurou a "Exposición de pintura itinerante de Adicam" con obras doada á devandita Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de mama e xinecolóxico.

A mostra foi inaugurada polo xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, e contou coa participación da xunta directiva de Adicam; da xefa territorial da Sanidade, Natalia Botana; e da coordinadora da Unidade de Patoloxía mamaria, Rosa Mallo.



Trátase dunha selección de 20 pinturas ao óleo cunha temática común, a exaltación da imaxe da muller.

Adicam, Asociación de diagnosticad@s de cancro de mama e xinecolóxico, con 22 anos de historia, leva unha década asociando a súa actividade de apoio e acompañamento ás pacientes con estas patoloxías coa exaltación da imaxe da muller a través da pintura. Así, a Asociación realiza diversos certames e exposicións artísticas co



obxectivo de visibilizar o seu traballo e concienciar da importancia destas enfermidades.

